

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS A PRESIDENTE PROVINCIAL DA FGC PONTEVEDRA

DON FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRAS, con DNI 35281934A, en virtude do establecido no apartado 2º do Regulamento Interno para a Elección de Presidentes/as Provinciais da Federación Galega de Caza, e dando cumprimento ao acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria da FGC PONTEVEDRA celebrada con data 21 de novembro de 2025,

DISPOÑO:

Que, con data de hoxe, 24 de novembro de 2025, se proceda a publicar no taboleiro de anuncios da sede provincial da FGC Pontevedra, así como na páxina web www.federaciongalegadecaza.com, a presente convocatoria de eleccións a Presidente/a Provincial, xunto coa seguinte documentación e información:

1. REGULAMENTO INTERNO PARA A ELECCIÓN DE PRESIDENTES/AS PROVINCIAIS, aprobado pola Xunta Directiva da FGC con data 8-10-2021 e depositado na Secretaría Xeral para o Deporte con data 21-10-21.
2. CALENDARIO ELECTORAL, aprobado pola asemblea xeral da FGC Pontevedra de data 21/11/2025
3. CENSO ELECTORAL, distribuído por estamentos.
4. XUNTA ELECTORAL: composición, sede, horarios e remisión da documentación:

. Composición:

A xunta electoral, elixida pola asemblea xeral extraordinaria da FGC Pontevedra de data, intégrana as seguintes persoas:

<u>TITULARES</u>	<u>SUPLENTE</u>
D. JOSE MANUEL CARBALLAL MARTINEZ	D. JOSE MARCOS RODRIGUEZ VIDAL
D. SANTIAGO SAAVEDRA CUIÑA	D. MARCIAL GARCIA FRELJEIRO
D. FCO JAVIER RODRIGUEZ FERNANDEZ	D. RAFAEL E. SANCHEZ MALVAR

Sede:

A sede da xunta electoral queda establecida nos locais da Federación Galega de Caza en Pontevedra, sita na Rúa Lepanto nº 1-1ºJ – 36001 PONTEVEDRA, Tfño. 986852300, Email: pontevedra@caza.ga

. Horarios:

Os días e horarios hábiles que rexen para a entrega de documentación (recursos, impugnacións, candidaturas, etc.) son os seguintes:

De Luns a Xoves: De 8,30 a 14,00 horas

Venres: De 8,30 a 14,00 horas.

Os sábados, domingos e festivos de carácter nacional, autonómico ou local son inhábiles.

. Forma de remisión da documentación.

A presentación de calquera tipo de escrito ou documentación referente ao proceso electoral deberá facerse de xeito presencial no Rexistro da Federación Galega de Caza en Pontevedra, dentro dos horarios anteriormente sinalados, debendo facerse constar o enderezo de correo electrónico do remitente a efectos de posibles notificacións.

5. MESA ELECTORAL, a mesa electoral elixida pola asemblea xeral extraordinaria da FGC Pontevedra de data 21/11/2025, intégrana as seguintes persoas:

<u>TITULARES</u>	<u>SUPLENTE</u>
D. JUAN ANGEL ALONSO PEREZ	D. JOSE TOUCEDA MAGARIÑOS
D. DIEGO PALLAS LAGE	D. ANTONIO SANCHEZ SESTO
D. CESAR TOSAR GONZALEZ	D. JAIME VILLAYERDE BALADO

6. COMISIÓN XESTORA, con esta data queda transformada de oficio a Xunta Directiva en Comisión Xestora.

O PRESIDENTE PROVINCIAL,



Asdo.: Francisco Couselo Castiñeira